



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 9 DE XULLO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día nove de xullo de dous mil quince, tivo lugar a sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Manuel J. Crespo González
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Paulino Rodríguez González

Asiste tamén a concelleira Elena Baz Rodríguez.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Asiste tamén a Interventora Xeral do Concello D^a. Ana Llorca Maneiro.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: D. PAULINO LEA ÁLVAREZ, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE FACHADA DO BAIXO COMERCIAL, CONSISTENTE EN CHAPEAR CON PEDRA PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M². E APERTURA DE OCOS PARA VENTÁS, SITO NA RÚA DE TOMIÑO ESQUINA RÚA DE PONTEVEDRA, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.794/2015.- D^a. MAISA GONZÁLEZ LÓPEZ, PARA "REHABILITACIÓN DE FACHADA NUNHA SUPERFICIE DE 224,00 M²., CONSISTENTE EN LIMPEZA CON MÁQUINA A PRESIÓN CON LIQUIDO FUNGICIDA, REPARACIÓN DESPERFECTOS CON MORTERO HIDRÓFUGO, REXUNTADO DA PEDRA, REVESTIMENTO DE PARAMENTOS VERTICAIS DE PATIO TRASEIRO CON MORTERO E POSTERIOR PINTADO", DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OLIVA N^o. 18, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.844/2015. D^a. FLORA LOMBA GONZÁLEZ, PARA RECUAMENTO DE PECHE E PORTAL EXISTENTE A 4,00 MTS. PARA MELLORA DE ACCESO EXISTENTE DE ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS", SITO NA RÚA DE CARRETERA A GÁNDARA N^o. 42 (ESTRADA PO-354-AS PATAS [PO552]-LOUREZA. P.Q. 0,690 MARXE: DEREITA), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.133/2015.- D. JOSÉ LUIS LAGOS AMORIN, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA NUNHA SUPERFICIE DE 38,50 M²., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA EXISTENTE E COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO E



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

TELLA DO PAIS", SITA NA RÚA DE BAIXADA Á PRAIA AREA GRANDE Nº. 27, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.161/2015. D. ANTONIO BAZ BAZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 120,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E CUBERTO CON TELLA DO PAIS SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE", DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 66, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.162/2015. D. INDALECIO BAZ BAZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 120,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E CUBERTO CON TELLA DO PAIS SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE", DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 64, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 3.319/2015.- D. JOSE ANTONIO OLMEDO GRANJA, PARA "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE CAFETERÍA", SITO NA RÚA DE GALICIA, Nº 42-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE INICIO DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de inicio de actividade:

EXPEDIENTE: 3.553/2015. LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U. DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA COMERCIO EN ALMACENS POPULARES (EPIG. 661.3 NO LOCAL SITO EN RÚA JOSE MARIA SESTO, S/N – AS CACHADAS.

EXPEDIENTE: 4.167/2015. D. JAVIER CASTRO PEREZ DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA CAFÉ BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS, BARRACAS (EPIG. 675.1) NO LOCAL SITO NA PRAIA DA LAMIÑA – CAMPOSANCOS – SERVIZO DE TEMPORADA.

EXPEDIENTE: 4.168/2015. D^a. TAMARA ALVAREZ MARTINEZ DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA CAFÉ BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS, BARRACAS (EPIG. 675.1) NO LOCAL SITO NA PRAIA DO MUIÑO – CAMPOSANCOS – SERVIZO DE TEMPORADA.

PUNTO 4.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 3.527/2015. D^a. JESSICA RODRIGUEZ CAMPOS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR [EPIG. 673.2] A REALIZAR NA RÚA GALICIA, Nº 81-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE LUCIA LOMBA GOMEZ.

PUNTO 5.- COMUNICACIÓN DE CESE DE ACTIVIDADE DE LICENZA DE APERTURA

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da comunicación do cese da actividade de comercio menor de produtos de pastelería que se levaba a cabo no local sito na rúa Concepción Arenal, nº 25-baixo (RE nº 4.508 de 08/07/2015)

PUNTO 6.- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA O CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN DO CONCELLO DA GUARDA

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta

Visto o expediente de fixación do prezo público polo Campamento deportivo de verán, esta alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Fixar o prezo público polo campamento deportivo de verán organizado polo Concello en 100,00 euros.

Expoñer ó público o presente acordo en virtude do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros, aprobar dita proposta.

PUNTO 7.- APROBACIÓN BASES DO XXIV CONCURSO DE FIGURAS DE AREA

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do XXIV Concurso de Figuras de Area que se celebrará o 19 de xullo de 2015 na praia do Muiño, no Concello da Guarda.

PUNTO 8.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 4.339 de data 3 de xullo de 2015, presentado por ACIGU, solicitando información sobre a colocación de cartelería en farolas sobre un acontecemento en Caminha.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se lles solicitou permiso telefónico e que se comprometeron a retirar ditos carteis o día seguinte da celebración do evento.

Lese o escrito RE 3.459 de data 29 de maio de 2015, presentado por D. MANUEL CASTRO VICENTE, en representación de MACAVI A GUARDIA, S.L., con enderezo a efectos de notificación na rúa Transversal Troncoso, nº 1-baixo de A Guarda, solicitando permiso para a instalación dun panel publicitario na esquina da rúa Galicia con rúa Baiona.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 4.078 de data 23 de xuño de 2015, presentado por D. MANUEL GOMEZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Julian Valverde, nº 9-1º Dta de Baiona, solicitando autorización para instalar unha churrería ambulante no mercadillo dos sábados.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude posto que non existe ningunha vacante.

Lese o escrito RE 4.499 de data 8 de xullo de 2015, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, con enderezo a efectos de notificacións no Apto. de Correos, nº 81 da Guarda, e como responsable da banda mariñeira "Os do Rancho", solicitando permiso para a celebración dun acto festivo na parte alta do parque do Cancelón o día 1 de agosto, necesitando para elo conexión eléctrica e un escenario.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.301 de data 2 de xullo de 2015, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, con enderezo a efectos de notificacións no Apto. de Correos, nº 81 da Guarda, e como responsable da Asociación de Bandas do Monte, solicitando permiso para levar a cabo a festa das bandas na Praza do Reló o día 6 de agosto, necesitando para elo conexión eléctrica e un escenario.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta da solicitude de reserva de espazo público ou prohibición de estacionamento na rúa Tomiño, nº 3

A Xunta de Goberno Local acorda denegar esta solicitude.

Lese o escrito RE 3.719 de data 9 de xuño de 2015, presentado por DNA. MARIA ERUNDINA ALVAREZ GONZALEZ, con enderezo na Estrada de San Roque, nº 62 da Guarda, solicitando o cambio de ubicación do estacionamento dos camiós de recollida de lixo nos días que hai ITV na vila.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se vai cambiar a ubicación da ITV e que chamen á Policía Local cando se volva repetir a situación denunciada.

Lese o escrito RE 3.720 de data 9 de xuño de 2015, presentado por DNA. PATRICIA RODRIGUEZ ALVAREZ, con enderezo na Estrada de San Roque, nº 56 da Guarda, solicitando o cambio de ubicación do estacionamento dos camiós de recollida de lixo nos días que hai ITV na vila.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se vai cambiar a ubicación da ITV e que chamen á Policía Local cando se volva repetir a situación denunciada.

Lese o escrito RE 2.008 de data 7 de abril de 2015, presentado por D. RAFAEL GARCÍA PAIS, con enderezo na rúa Currás, nº 17 de A Guarda, solicitando a anulación dos recibos de consumo de auga da súa vivenda relativos ó ano 2014 porque considera que existe unha avería no servizo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular os recibos do ano 2014 e que se lle emitan uns novos pola media ponderada o entender que non hai dolo na rúa actuación, non obstante ínstaselle a correxir a instalación deficiente de distribución de auga.

Lese o escrito RE 3.550 de data 2 de xuño de 2015, presentado por D. DAMIAN ALONSO ALONSO, en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, solicitando:

- Para o día 31.07.2015 .- Autorización para dispor do Auditorio de San Bieito para a lectura do pregón da Festa do Monte e a regulación do tráfico para o desfile folclórico.
- Para o día 01.08.2015.- Corte de rúas para as andainas e carreira populares a partir das 18 horas.
- Para o día 03.08.2015.- Autorización para dispor do auditorio de San Bieito para a festa da 3ª Idade.
- Para o día 04.08.2015.- Escenario na pista de Skate ó lado da Atalaia e o Centro Cultural para o certame de poesía Feliciano Rolán.
- Para o día 05.08.2015.- Colaboración da Policía Local para a marcha cicloturista e escenario na Praza Avelino Vicente para o ROCK EN FERVENZA.
- Para o día 07.08.2015.-Estadio Municipal para un torneo de fútbol.
- Para o día 08.08.2015.- Colaboración da Policía Local para o desfile folclórico.
- Para o día 10.08.2015.- Escenario na rúa Rosalía de Castro e prohibición de estacionamento na finca de Fínola para levar a cabo o final de festa.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado excepto ó demandado para o día 10 de agosto de 2015. Cabe advertir que, respecto do Rock in Fevenza, deberán coordinar a instalación do palco cos servizos municipais e que en ningún caso se pechará o tráfico antes das 22:00 horas.

Sendo as trece horas e dez minutos o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.